



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

ORDENANZA FISCAL Nº 17

TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS ESPECIAIS DE VIXILANCIA DE ESPÉCTACULOS OU TRANSPORTES.

ARTIGO 1. *Fundamento e Natureza*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do R.D.lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a "Taxa por servizos especiais por espectáculos e transportes", que rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, as súas normas atenden ao previsto no artigo 57 do R.D. lexislativo citado.

ARTIGO 2. *Feito Impoñíbel.*

1.- Constitúe o feito impoñíbel da Taxa a prestación dos seguintes servizos especiais, de competencia municipal, a instancia de parte:

a) Vixilancia, protección, ordenación e regulamentación do tránsito, estacionamento de vehículos e calquera outros que sexan motivados pola celebración de espectáculos e esparcementos públicos que, pola súa natureza, pola aglomeración do público que os mesmos provoquen ou polas necesidades de ordenar o acceso e saída ao público de vehículos así o esixan.

b) Condución, vixilancia e acompañamento de transporte pesados, grandes transportes e caravanas a través do casco urbano.

c) Calquera outros servizos especiais que sexan motivados por outras actividades que esixan a súa prestación.

2.- Para estes efectos, entenderanse prestados a instancia de parte os anteditos servizos cando estes foran provocados polo particular ou redunden no seu beneficio, aínda que non mediara solicitude expresa.

ARTIGO 3. *Suxeito pasivo*

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que sexan:

a) Titulares, empresarios ou organizadores, no seu caso, dos espectáculos e esparcementos que motiven ou obriguen a este Concello a prestar os servizos especiais sinalados no artigo anterior.

b) Titulares da empresa dos servizos de transporte e, de non estaren os vehículos afectos a unha actividade empresarial, os/as propietarios dos mesmos.

c) Peticionarios dos demais servizos especiais e provocadores e beneficiarios dos mesmos aínda que non os soliciten.

ARTIGO 4. *Responsábeis.*

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

2.- Serán responsábeis subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 5. Cota Tributaria.

1.- A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, tanto persoais como materiais, que se empreguen na prestación do servizo e do tempo investido.

2.- A tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

2.1.-Por cada policía, bombeiro, funcionario ou empregado municipal, por cada hora ou fracción.....	14,34 €
2.2. Por cada vehículo municipal, incluída a súa dotación, por cada hora ou fracción:	
2.2.1. Motocicletas.....	14,34 €
2.2.2. Automóviles.....	26,10 €
2.2.3. Camións.....	37,32 €
2.2.4. Vehículos especiais (guindastre, etc).....	57,33 €

2.3. Tarifa mínima: En todo caso, os dereitos económicos por prestación deste tipo de servizos non poderá ser menos de..... 62,39 €

3.- Na aplicación da tarifa anterior observaranse as seguintes regras:

1ª.-As cotas incrementaranse nun 50 por 100 cando os servizos teñan lugar entre as 20:00 e as 24:00 horas do día, en un 100 por 100 se se prestaran das 0:00 horas ás 8:00 da mañá.

2ª.- O tempo de prestación efectiva dos servizos computarase, tomando como momento inicial o de saída dos efectivos dos seus respectivos acuartelamentos, e como final o de entrada nos mesmos, unha vez rematado o servizo.

3ª.- O material consumíbel que se empregue, distinto do necesario para o funcionamento dos vehículos, será aboado polo suxeito pasivo.

ARTIGO 6. Exencións

Están exentos do pagamento da Taxa os servizos prestados a transportes realizados polo Estado, a Comunidade Autónoma e a Provincia, así coma todas aquelas asociacións ou entidades sen ánimo de lucro ou de interese público ou social.

ARTIGO 7. Cobramento

Cóbrase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se comeza a prestación do servizo; entendéndose iniciada a prestación cando se resolve positivamente a solicitude do interesado.

ARTIGO 8. Declaración e ingreso

1.-Os suxeitos pasivos que se propoñan celebrar espectáculos públicos, ou os que motiven a prestación dos servizos regulamentados nesta Ordenanza, presentarán no Concello o correspondente escrito dirixido á Alcaldía sinalando o día, hora e lugar no que debe ser prestado o servizo, así como o seu contido e duración prevista. A petición formularase cunha antelación mínima de oito días, agás nos casos de urxencia debidamente motivada, que poderá selo con 1 ou 2 días de antelación.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

2.- No momento de formular a solicitude, o contribuínte procederá a autoliquidar e ingresar a cota tributaria que corresponda.

3.- A solicitude resolverase pola Alcaldía, dando conta á persoa interesado/a e ao servizo que o deba cubrir. No suposto que fora denegada a prestación, o importe ingresado mediante autoliquidación seralle reintegrado ao contribuínte.

4.- Polo responsable da Dependencia correspondente, e unha vez prestado o servizo, darase conta do cumprimento, duración e contido do mesmo, practicándose, no seu caso, a liquidación que corresponda polo exceso de tempo ou dos medios utilizados.

5.- No suposto do artigo 2.2, a liquidación será aprobada pola Alcaldía, na que se farán constar as circunstancias, tempo empregado e medios utilizados, sendo notificada para o seu ingreso directo unha vez prestado o servizo e o seu pagamento efectuarase nos prazos sinalados nas normas de recadación.

6.- A renuncia á petición, unha vez iniciada a prestación do servizo, ou a menor duración deste sobre o solicitado e concedido, non dará lugar a devolución ningunha.

7.- En todo caso, o acordo de prestación do servizo quedará supeditado á prioritaria atención dos servizos de vixilancia xeral.

ARTIGO 9. *Infraccións e sancións*

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día vintecinco de setembro de 1997.

Foi modificada posteriormente segundo acordos do Concello Pleno de seis de setembro de 2001, 18 de xullo de 2002, 4 de setembro de 2003, 28 de outubro de 2004, 30 de xuño de 2005, 28 de setembro de 2006 e 25 de outubro de 2007.

A presente modificación foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 4 de setembro de 2008.

Entrará en vigor, logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia o día 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor até súa modificación ou derogación expresas.